



# Mirar e escoitar ao mar: imaxe, son e silencio.

4ª RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES  
**Encontros de Mariñán**

Do 26 ao 30 de xuño de 2023 Pazo de Mariñán (A Coruña)



# **Mirar e escoitar ao mar: imaxe, son e silencio.**

4ª RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES

Xuño 2023

Organiza:

Real Academia Galega das Belas Artes.

Colabora:

Deputación da Coruña.

Participan:

Universidades da Coruña, Santiago e Vigo,

Conservatorios Superiores de Música de Coruña e Vigo,

Escolas de Arte e Superiores de Deseño Antonio Faílde, Mestre Mateo, Pablo Picasso e

Ramón Falcón e

Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

Créditos do texto:

Ignacio Barcia.

Créditos da imaxe de portada:

Anthony ;) (Pexels).

Créditos das imaxes do dossier:

A autoría corresponde a cada un dos seus autores, neste dossier utilízanse como cita na ensinanza.

# Presentación

A Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA), as universidades de Santiago, Vigo e A Coruña e os conservatorios superiores de música da Coruña e Vigo, veñen organizando desde o ano 2018 unha serie de actividades que pretenden establecer sinerxías entre os distintos centros de formación artística superior en Galicia. No 2023 súmanse á iniciativa as escolas de arte de A Coruña, Santiago, Lugo e Ourense mais a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Vigo.

A RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES (Encontros de Mariñán) é unha das mais salientables destas actividades. Consiste nunhas residencias artísticas que celébranse no Pazo de Mariñán (Bergondo) da Deputación da Coruña.

Nela reúnense estudantes das institucións formativas implicadas para, traballando de forma conxunta, desenvolver in situ proxectos creativos de índole interdisciplinaria.

Cara aos encontros do 2023, ano no que a RAGBA homenaxea a Martín Códax, trobador galego dos séculos XIII e XIV, partindo da súa obra propónse como eido de reflexión común, tránsito ou chegada dos procesos de creación, a temática:

**«MIRAR E ESCOITAR AO MAR: IMAXE, SON E SILENCIO».**



«Panoramic Sea Happening», Tadeusz Kantor, Łazy, 1987

“El mar como simbolo tanto de la continuidad como de la discontinuidad del sonido.”<sup>1</sup>

*Raymond Murray Schafer*

Ai ondas que eu vin veer,  
se me saberedes dizer  
por que tarda meu amigo sen min.  
Ai ondas que eu vin mirar,  
se me saberedes contar  
por que tarda meu amigo sen min.

*Martin Códax*

Coa preamar, no mar pleno, énchese a Ría de Betanzos e o mar achégase aos pés do Pazo de Mariñán; se non o mar bravo, se non o mar pletórica, si percíbese o fluxo e refluxo mariño e, dalgunha maneira, séntese a presenza mariña en toda a súa plenitude. Se ao Pazo de Mariñán non chega o son do mar, o silencio inaudito do mar calado é escandaloso.

Lembrede como na Symphonie Monoton – Silence de Yves Klein o monocromo convértese en monotono e o silencio nun baleiro infinito.

*1/2 Klein*  
*Symphonie - Monoton - Silence*  
 1947 - 1961

*Duration: 5 or 7 minutes*  
*Part for 44 parts of the*  
*Orchestra*

*Part Orchestra*  
*with 44 parts of the*  
*Orchestra*

*divers b. (horn in other groups)*  
*for the music in other groups*

2	Obertoni
10	Violini
10	Violoncelli
1	F.C. b.
1	Hamboni
1	Clarin
1	Contrabasso



“A miña antiga sinfonía monotónica de 1949, que foi interpretada, baixo a miña dirección, pola pequena orquestra clásica durante a actuación do 9 de marzo de 1960, tiña a intención de crear “silencio despois”: despois de que todo estivese terminado, en todos e cada un de nós, presentes neste evento.

O silencio ... Esta e a miña sinfonía, non o son en sí, antes e durante a actuación. É este maravilloso silencio o que da “oportunidade” (chance) e algunhas veces mesmo brinda a posibilidade de ser verdadeiramente feliz, mesmo por un só instante, por un instante de inconmensurable duración.”<sup>2</sup>

*Yves Klein*

Yves Klein dirixe a súa «Symphonie Monoton – Silence» fronte a unha orquestra imaxinaria. Gelsenkirschen's Opera House, 1959



Yves Klein, «Untitled Blue Monochrome (IKB 231)», 1959

“El silencio del mar era tan profundo que se impuso sobre nuestra conversacion, ahora reducida a susurros.”<sup>3</sup>

*Ngũgĩ wa Thiong’o*

“Al pasar a la claridad, poco adecuada para el, el azul se hace indiferente como el cielo alto y claro. Cuanto mas claro tanto mas insonoro, hasta convertirse en quietud silenciosa, blanca. Representado musicalmente, el azul claro corresponderia a una flauta, el oscuro a un violonchelo y el mas oscuro a los maravillosos tonos del contrabajo; el sonido del azul en una forma profunda y solemne se puede comparar al del organo.”<sup>4</sup>

*Vasily Kandinsky*

O mar, aínda que non o vexamos ou non o escoitemos, constrúe unha xeografía mental: cara ao mar, de costas ao mar, xunto ao mar, lonxe do mar, deste lado do mar, alén do mar,...



O 6 de abril de 1336, Francesco Petrarca, coetáneo de Martín Codax, realiza a súa coñecida ascensión ao Mont Ventoux, fito que podería entenderse marca do inicio dunha relación co mundo da que somos herdeiros. No relato da experiencia o poeta de Arezzo detense na descripción da visión desde o cume, a súa vista avanza ata os Alpes, presente a súa patria máis aló; apuntan os seus ollos cara aos Pirineos pero non os alcanzan pola “debilidade da vista dos mortais”, pero ve con claridade “os montes da provincia de Lyon e, á esquerda, a mar de Marsella e a que azouta Aigues Mortes...”<sup>5</sup>

Na Galiza, cunha paisaxe ineludible, cunha paisaxe como feita de máis, o mar supón a posibilidade da extensión da mirada cara ao exterior, a posibilidade do infinito e do baleiro, dun alongamento da visión que cara ao país interior non é posible.




O ceo e o mar absorben o ollo, e ambos coinciden onde á vista xa non chega; e alí, onde o mar se atopa co ceo, ténsase a liña imaxinaria do horizonte.

«Der Mönch am Meer»,  
Gaspar David Friedrich  
(1798)



«Composition 1960 #10», La Monte Young



«Composition 1960 #7», La Monte Young



#### Notas:

- 1 Murray Schafer, R. (1990). El nuevo paisaje sonoro. Buenos Aires: Ricordi (P.83)
- 2 Recollido en <https://www.yvesklein.com/fr/ressources> (traducción de Ignacio Barcia)
- 3 Thiong'o, Ngũgí wa (2017). Desplazar el centro. La lucha por las libertades culturales. Barcelona: Rayo Verde (P. 267)
- 4 Kandinsky, V. (2003), De lo espiritual en el arte. Barcelona: Labor (P. 82)
- 5 Petrarca, F. (2002) A Dionigi da Borgo san sepolcro... En Francesco Petrarca. La Ascensión al Mont Ventoux. 26 de Abril de 1336. ARTIUM. Vitoria (traducción de Ignacio Barcia)

**Mirar e escoitar ao  
mar: imaxe, son e  
s\_l\_nc\_\_.**